

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE NOVIEMBRE DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 3 de novembro de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro no acordo número 9/920 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10 de outubro de 2007, polo que se concedía licenza para construír un edificio na rúa Camiño Real, números 183-185.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela sita no núcleo rural tradicional do Corral de Abaixo+O Corral de Arriba+Penelas, Parroquia de San Pedro de Calde; para demolición da edificación sita na avda. Carlos Azcárraga, número 48; para construción de edificio na rúa Rof Codina, números 8-10, e rúa Montirón, números 81-83; para reforma de fachada e cuberta no edificio sito na ronda da Muralla, número 21; para reforma de planta baixo cuberta para rochos no edificio sito na rúa Monte Picato, número 9.

2. PLANEAMENTO.- Acorda estimar o recurso de alzada presentado ante este Concello contra o acordo adoptado con data do 31-05-10 pola

Asemblea Xeral da Xunta de Compensación do polígono número 2 do sector de Sunp “Sur-B” (Louzaneta-Areeiras) do PXOU vixente.

Acórdase a aprobación inicial do proxecto de expropiación dos inmobles colindantes co Concello de Lugo correspondente á Unidade edificatoria 1101 do PEPRI para o desenvolvemento do planeamento.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito á Conserxería e a aprobación da forma de compensación e recoñecemento dos servizos extraordinarios realizados no mes de outubro.

Acórdase que se emita informe pola Asesoría Xurídica municipal sobre os recursos de reposición presentados contra o acordo número 5/552, adoptado pola xunta de goberno local na sesión celebrada o 8-9-2010, en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pronunciada no recurso de apelación número 377/2008, interposto polo Excmo. Concello de Lugo contra o auto do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, ditado con data do 2 de abril de 2008, en execución de sentenza no recurso contencioso administrativo número 438/2004, sobre reestruturación do cadro de persoal.

Tamén se acordou a aprobación de bases específicas para o acceso como persoal laboral fixo a seis prazas de operario pertencentes ao cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo; quenda libre.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a adxudicación provisional na contratación das obras de rexeneración de firmes na estrada de Brea a enlace coa autovía no Ceao.

ÁREA DE ALCALDÍA

5. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a interposición de recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de alzada interposto contra a resolución do Xefe Territorial en Lugo da Consellería de

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg51.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-11-2010

Cultura e Turismo, do 3 de maio de 2010, sobre o expediente denominado “Proxecto básico e de execución do novo peche do Parque Rosalía de Castro”, pola que se acorda non autorizar as obras propostas.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a prórroga do contrato administrativo subscrito coa empresa adjudicataria do Servizo de Vixilancia no Fogar do Transeúnte do Excmo. Concello de Lugo, para o período comprendido entre o 16 de novembro de 2010 e o 15 de novembro de 2011. Continuación do contrato coa empresa Sequor Seguridad, S.A.
- Acórdase a corrección de erro no acordo número 10/645 da Xunta de Goberno Local do día 20 de outubro de 2010, relativo á resolución do expediente de investigación sobre un terreo existente nas inmediacións da rúa Baixa e a rúa Chantada.
- Acórdase a autorización para a continuación provisional das obras durante a tramitación do proxecto modificado na contratación das obras de construción do Museo Interactivo da Historia de Lugo.

Lugo, 10 de novembro de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García